




PAIS E NAIS

POR QUE NON APRENDO? Silvia Caride López. Ed. Galaxia 2010.

Un libro que nos explica como podemos axudar aos nosos fillos cando presentan problemas de aprendizaxe.



CUENTOS PARA EDUCAR NIÑOS FELICES, Begoña Ibarrola, SM; 2010.

Algunhas pistas para educar nenos felices. Un libro dividido en dez apartados como o amor incondicional, a autoestima, a autonomía... Cada apartado vai acompañado de dous contos e unha guía para pais.



CÓMO ENSEÑAR A TUS PADRES A DISFRUTAR DE LOS LIBROS PARA NIÑOS, A.Serres/B. Heitz. SM 2010.

Un divertido álbum para pais que prefiren a chamada "lectura educativa" a calquera outra que fale de monstros, crimes ou asuntos escatolóxicos... Un libro para perderlles medo aos libros para nenos e rir un pouco.



Lectura. Educación. Prexuízos. Familia.

CONSEJOS PARA PADRES IMPERFECTOS, Bau, A./ Carreño, E. Ed. Leqtor Universal 2010

Ser pais non é tarefa sinxela. Este libro é un repaso dos erros máis típicos que cometemos na educación dos nosos fillos en relación coa alimentación, as rabechas, as amizades, a sobreprotección... Educar é poñer límites, saber dicir non, pero tamén premiar con palabras ou cunha aperta.

Relación pais-fillos. Educación.



E como non todo vai ser ler...
non deixedes de ir ao cine este
Nadal

La Bella y la Bestia 3D.

Un clásico de Disney sobre o poder do amor.



Las crónicas de Narnia: la travesía del viajero del alba.
Adaptación cinematográfica da novela de C.S. Lewis

E para estar ao día visita o blog da
nosa biblioteca

<http://arslegendi.abania.blogspot.com>


RECOMENDACIÓN PARA
INFANTIL E PRIMARIA
NADAL 2010

LECTURAS PARA
APRENDER A CONVIVIR



BIBLIOTECA ESCOLAR
C.P.I. SAN VICENTE

3-5 ANOS




P DE PAPÁ, Isabel Martins, Bernardo Carvalho, Kalandraka, 2007.
Un pai é capaz de transformarse nas cousas máis incríbles. Un libro sobre a complicidade entre papás e fillos, para rir, gozar e estreitar eses fermosos azos.
Amor. Familia. Complicidade.

CORAZÓN DE MADRE

Isabel Minhos Martín, Bernardo Carvalho, Libros del Zorro Rojo, 2010.

O corazón dunha nai non é só un músculo que late sen parar. É un lugar máxico onde suceden as cousas máis extraordinarias...

Maternidade, relación nais-fillos.



LUCAS E OSO, José Campanari, Kristina Andres, OQO, 2010.

Lucas e o seu querido amigo Oso loitan xuntos contra o monstro da xerra de auga que lles molla a cama cada noite. Unha tenra e fermosa lectura para superar ese problema.

Pis na cama. Adaptación escolar. Superación.

O EMBIGO DE XANECAS

Francesca Chessa, Ramón Aragües, OQO, 2010.

Xanecas ten 4 anos e está intrigado con ese burato que ten na barriga. Despois de escoitar mil explicacións mentireiras por fin mamá lle desvela a fermosa orixe da súa vida.

O misterio da vida. Preguntas na primeira infancia. Amor e familia.



6-8 ANOS



GRISELA, Arianne Faber, Pilar Martínez, Faktoría K, 2010.

Un día, Grisela atopouse moi triste, tan triste coma o seu pelame gris. Pensou que tiña que facer algo e colleu un bote de pintura vermella para pintarse dunha cor alegre e poñerse contenta. Un relato sinxelo sobre a importancia de ser un mesmo. Autoestima.

ser un mesmo. Autoestima.

CAMA E CONTO, Gonzalo Moure, Xerais, 2010.

O que máis lle gusta a Malva é que súa nai lle conte un conto na cama. Para ela as palabras "cama e conto" son o mellor do día, o mellor da vida. Pero desde que aprendeu a ler as cousas cambiaron e xa non hai cama e conto.

Lectura. Amor. Familia. Aprender dos fillos.



MI ABUELA TIENE..., Véronique van den Abeele, SM, 2008.

A través dunha sinxela descrición das rutinas na relación dunha avoa e unha neta, o lector percibe o grao de afecto e complicidade que hai entre elas. De pronto, un día, un esquecemento quebra esta relación. A avoa xa non recorda.

Vellez. Enfermidade. Relación avós e netos.

O MEU AMIGO ÁLEX

Mikel Gurrutxaga, Faktoría K, 2010.

A pequena Isabel comparte a súa soidade cun amigo imaxinario, Álex. Papá e mamá están preocupados pero pronto comezará a relacionarse con outros nenos e nenas e Álex pasará a ser un fermoso recordo.

Amizade. Fillos únicos. Soidade. Amigos imaxinarios. Familia.



9-11 ANOS



Algo con lo que nadie había contado, Marit Törnqvist, Los Cuatro Azules, 2010.

Unha parábola sobre a vida rápida e deshumanizada que levamos na sociedade actual. Unha nena cae nun pozo. Ao principio todos intentan salvala pero co paso dos días esquecese dela. Un libro emocionante, triste primeiro e feliz despois.



Á SOMBRA DOS ANACARDOS


A. Fortes & Simona Mulazzani, OQO, 2010.

En pleno carnaval de Bissau, na vida da pequena protagonista aparece a sombra da morte e o medo. Pero o doutor Vieira vai coidar dela. Un fermoso e duro relato sobre a capacidade dos nenos para ser felices a pesar da pobreza e a enfermidade.

Sida. África. Infancia.

LA SEÑORA Y EL NIÑO, Geert de Kokere, Barbara Fiore, 2010.

Unha vella muller fascina a un pequeno que a ve a diario. Ela parece una bruxa que come nenos. Pero, cando un día no mercado presenza como lle cae a bolsa, de repente parécelle máis pequena. El axúdaa e a visita na súa casa. Así descobre que a vella señora é máis suave que as nubes de algodón e máis doce que as larpeiradas.



CAIXA DE CARTÓN, Txabi Arnal & Hassan Amekan, OQO, 2010.

Unha nena inmigrante relata a súa historia: a fame e a miseria nos países de orixe, as mafias que trafican con persoas, o odio e a xenofobia coa que o primeiro mundo recibe aos estranxeiros... Pero en *Caixa de cartón* hai esperanza. Porque esta historia tamén fala de solidariedade e de segundas

oportunidades. Inmigración. Pobreza. Solidariedade. Adopción.